



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"




PREGUNTAS FRECUENTES CONVOCATORIAS GAIN

Sumario

PROGRAMA CONECTA PEME (PROCEDEMENTO IN852A).....	2
FÁBRICA INTELIXENTE E SOSTIBLE (PROCEDEMENTO IN854A).....	4
FORTALECEMENTO DOS CENTROS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO (PROCEDEMENTO IN607E).....	6
PROGRAMA UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN (PROCEDEMENTO IN853A).....	7
PROGRAMA INNOVAPEME (PROCEDEMENTO IN848D).....	9
PROGRAMA PRINCIPIA (PROCEDEMENTO IN848C).....	9
PROGRAMA TALENTO SÉNIOR (PROCEDEMENTO IN858A).....	10
PROGRAMA H2020 (PROCEDEMENTOS IN607F, IN607G E IN607H).....	11
PROGRAMA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL (PROCEDEMENTO IN606A).....	15
PROGRAMA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL (PROCEDEMENTO IN606B)....	18
PROGRAMA DE AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL (PROCEDEMENTO IN606C).....	20
PROGRAMA IGNICIA (PROCEDEMENTO IN855A).....	22



Xacobeo 2021





PROGRAMA CONECTA PEME (PROCEDEMENTO IN852A)

1. ¿Serán subvencionables todos os conceptos incluídos na retribución bruta recibida polo traballador?

Como norma xeral, considéranse subvencionables unicamente as percepcións salariais que coticen á Seguridade Social: salario base, complementos salariais, gratificacións extraordinarias, etc. As percepcións non salariais: indemnizacións, suplidos (axudas de custo, gastos de viaxe, complementos de transporte etc.) non se considerarán subvencionables. Tampouco aqueles importes satisfeitos en concepto de indemnización derivada da rescisión do contrato nin as dietas incluídas na nómina, xa que entre as partidas subvencionables non se inclúen os desprazamentos nin as viaxes. Non se admitirán aqueles gastos que non respondan á natureza da actividade subvencionada e non sexan necesarios para o seu desenvolvemento. Ex. unha comisión por vendas.

2. ¿En que anualidade serían subvencionables os seguros sociais ou os ingresos á conta do IRPF do mes de decembro ao pagarse en xaneiro?

Na anualidade a cal corresponde o gasto realizado, aínda que o pago dos mesmos se efectúe nun momento posterior por axustárense aos calendarios de recadación. A entidade subvencionada deberá achegar os documentos acreditativos do seu pagamento antes de finalizar o mes no que lle corresponde liquidar eses gastos.

3. ¿Poderán realizarse modificacións no cadro de persoal solicitado?

Si, pero calquera modificación no cadro de persoal asignado ao proxecto deberá ser solicitado, xustificado e aprobado pola Axencia Galega de Innovación previamente á súa realización. En ningún caso se admitirán cambios con data anterior á entrada en rexistro da solicitude de modificación.

4. Poderase autorizar o cambio dunha entidade integrante da agrupación por outra debido á súa situación de insolvencia ou doutras circunstancias económicas que lle impidan afrontar o proxecto?

Sí, sempre que se motiven suficientemente estas circunstancias, que a nova entidade cumpra os requisitos establecidos para ser beneficiaria e os demais establecidos na convocatoria, e se comprometa a manter a actividade obxecto da axuda. Con todo, o líder da agrupación en ningún caso poderá ser substituído, dada a súa función de dirección e coordinación do proxecto.

A autorización requirirá un informe técnico dalgún dos avaliadores iniciais do proxecto no que se constate a idoneidade do novo beneficiario para garantir a viabilidade do proxecto e que, polo menos, ten unhas condicións equivalentes ao membro da agrupación substituído. Para realizar este informe técnico deberán aplicarse os mesmos criterios que se tiveron en conta para avaliar inicialmente a solicitude.

5. En que momento se deben presentar as 3 ofertas no caso de adquisición de bens de equipo, subministracións e materiais, ou contratación de servizos cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a 15.000 € no global do proxecto para un mesmo provedor?





XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



Pódense presentar na fase de solicitude ou, posteriormente, xunto coa documentación xustificativa da correspondente anualidade. Con todo, no caso dos servizos tecnolóxicos externos, deberán presentarse obrigatoriamente na fase de solicitude. En calquera caso, cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

6. En relación á obriga dos beneficiarios de realizar tres eventos de difusión e, tendo en conta a situación de crise sanitaria actual, ¿é posible realizar os eventos de xeito telemático?

Sí, mentres non finalice oficialmente a situación de crise sanitaria, os eventos de difusión realizaranse preferiblemente por medios electrónicos e complementarase con difusión en redes, publicacións ou intervención en medios. En todos os eventos poñerase de manifesto o apoio do Feder e da Axencia Galega de Innovación ao proxecto.

7. ¿Que tipo de información debe incluír o beneficiario na súa páxina web para informar o público do apoio dos Fondos? ¿Cal é a consecuencia de incumprir esta obriga?

Durante a realización do proxecto, o beneficiario deberá incluír na súa páxina web unha breve descrición de maneira proporcionada ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión.

O incumprimento da obriga de dar publicidade ao financiamento do proxecto dará lugar a aplicación dun **factor de corrección do 0,95**.

8. ¿Que sucede cando o custo xustificado na partida de persoal de nova contratación é inferior á contía concedida nesta partida?


Neste suposto reducirase a intensidade da axuda aplicando o seguinte factor de corrección: **Fc: $1-X^2/3600$** , onde X é a porcentaxe deixada de xustificar sobre o custo que lle foi concedido nesta partida. Cómpre indicar que o factor de corrección resultante aplícase a toda a subvención e non só a partida de nova contratación.

9. ¿Cando se aplica o factor de corrección nos casos de incumprimento enumerados no artigo 43 da convocatoria?

A aplicación do factor de corrección realizarase na última anualidade e o importe minorado detraerese desta. No caso de que o importe aprobado para a última anualidade resulte insuficiente para cubrir esta diferenza, requirirase á entidade beneficiaria para que proceda á devolución dos fondos percibidos indebidamente. Cómpre indicar que o factor de corrección calcúlase e aplícase para cada empresa beneficiaria de xeito individual, independentemente de cal sexa a causa de incumprimento.



Xacobeo 2021



FÁBRICA INTELIXENTE E SOSTIBLE (PROCEDEMENTO IN854A)

1. ¿ Que tipo de empresas poden ser beneficiarias destas axudas?

Poderán ser beneficiarias destas axudas:

a) As empresas do sector industrial así como daqueles sectores, industriais ou de servizos, definidos como “nova industria” na Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0, que dispoñan dun establecemento legalmente constituído en Galicia e que poidan liderar proxectos empresariais de I+D+i de carácter estratéxico que cumpran as características recollidas no artigo 6 da convocatoria.

As empresas, atendendo ao seu tamaño, poderán ser grandes ou pemes, segundo as definicións incluídas no artigo 2.

b) Agrupacións dunha empresa ou empresas do sector industrial, así como daqueles sectores, industriais ou de servizos, definidos como “nova industria” na Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0 e un ou varios organismos de investigación e difusión, nos termos previstos no artigo 8.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), que realicen proxectos en cooperación.

c) Agrupacións entre unha gran empresa e unha ou varias pemes que, en ambos os casos, deberán pertencer ao sector industrial, ou a aqueles sectores, industriais ou de servizos, definidos como “nova industria” na Axenda de Competitividade Galicia Industria 4.0

2. Pode participar no proxecto máis dun organismo de investigación?

Sí, poden ser beneficiarios un ou varios organismos de investigación que realicen un proxecto en cooperación de I+D cunha empresa ou empresas do sector industrial. Tamén é posible a participación de organismos de investigación como entidades subcontratadas. Nos proxectos de innovación en materia de organización e procesos non pode participar un organismo de investigación como beneficiario, pero si podería participar como entidade subcontratada.

3. Existe algún límite no número de empresas que poden participar nun proxecto en cooperación?

Non, non existe ningún límite, pero cada unha das empresas ten que achegar algo diferencial ao proxecto, de forma que se xustifique a súa participación no mesmo. Non valería unha mera repetición de funcións en distintas empresas.

4. Cal é a participación mínima dos organismos de investigación e difusión de coñecementos no caso de proxectos en cooperación?

Unha das novidades da cuarta convocatoria do programa Fábrica do futuro, fábrica intelixente e sustentable da industria 4.0 é a de permitir que se presenten, en agrupación con empresas do sector industrial, un ou varios organismos de investigación e difusión que realicen proxectos en cooperación.

No caso de que participe unha pluralidade de organismos de investigación e difusión, o orzamento destes non poderá ser inferior ao 15% do custo total subvencionable do proxecto. Este 15% constitúe a suma das porcentaxes asumidas por cada un dos organismos de investigación.

5. Poderase autorizar o cambio dunha entidade integrante da agrupación por outra debido á súa situación de insolvencia ou doutras circunstancias económicas que lle impidan afrontar o proxecto?

Sí, sempre que se motiven suficientemente estas circunstancias, que a nova entidade cumpra os requisitos establecidos para ser beneficiaria e os demais contemplados na convocatoria e se comprometa a manter a actividade obxecto da axuda. Con todo, o líder da agrupación en ningún caso poderá ser substituído, dada a súa función de dirección e coordinación do proxecto.

A autorización requirirá un informe técnico dalgún dos avaliadores iniciais do proxecto no que se constate a idoneidade do novo beneficiario para garantir a viabilidade do proxecto e que, polo menos, ten unhas condicións equivalentes ao membro da agrupación substituído. Para realizar este informe técnico deberán aplicarse os mesmos criterios que se tiveron en conta para avaliar inicialmente a solicitude.

6. ¿ Que pasa se se produce unha baixa dentro dos membros do cadro de persoal do proxecto durante a súa execución?

Conforme se indica no artigo 12.5 das bases reguladoras: "Calquera modificación no cadro de persoal asignado ao proxecto deberá ser motivada e xustificada, e será aprobada pola Axencia Galega de Innovación. Só se admitirán os cambios dunha persoa por outra con idéntica titulación ou cunha titulación susceptible de poder desempeñar funcións similares". Polo tanto, para poder incluír o custo de persoal, é preciso que presenten previamente a solicitude de modificación de persoal, achegando o curriculum , certificación académica e informe de vida laboral da persoa que se pretenda incorporar ao proxecto. Se se autoriza esa modificación, será con efectos dende a data de entrada en rexistro da súa solicitude.

7. En relación ao persoal de nova contratación, ¿é necesario que permaneza no proxecto ata o remate do mesmo?

A convocatoria non establece a obriga de manter o vínculo laboral co persoal de nova contratación ata a finalización do proxecto. Con todo, é preciso que se acredite suficientemente que este persoal concluíu as tarefas encomendadas.

8. En que momento se deben presentar as 3 ofertas no caso de adquisición de bens de equipo, subministracións e materiais, ou contratación de servizos cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere a 15.000 € no global do proxecto para un mesmo provedor?

Pódense presentar na fase de solicitude ou, posteriormente, xunto coa documentación xustificativa da correspondente anualidade. Con todo, no caso dos servizos tecnolóxicos externos, deberán presentarse obrigatoriamente na fase de solicitude. En calquera caso, cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren, deberá achegarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección non tivese recaído na proposta económica máis vantaxosa, deberá achegarse unha memoria xustificativa.

FORTALECEMENTO DOS CENTROS DE XERACIÓN DE COÑECEMENTO (PROCEDEMENTO IN607E)

1. ¿Quen pode ser beneficiario desta axuda?

Os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia validamente inscritos, no momento da presentación da solicitude, no rexistro estatal de centros regulado polo Real Decreto 2093/2008, de 19 de decembro.

2. ¿Que tipo de infraestruturas son subvencionables?

Deberán ser infraestruturas de investigación de alta calidade para o desenvolvemento dunha investigación e unha innovación punteiras, servindo de apoio ao desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e a comunicación, así como das tecnoloxías facilitadoras esenciais.

3. ¿O custo de persoal considérase un concepto subvencionable dentro do proxecto de infraestrutura?

Non, o custo de persoal non é un concepto subvencionable xa que, segundo o disposto na convocatoria, as infraestruturas "poderán consistir exclusivamente na adquisición de equipamento científico e técnico e/ou de programas e aplicacións informáticas de carácter especializado e técnico, os cales deberán agruparse nun único proxecto (proxecto de infraestrutura) que será obxecto dunha mesma solicitude."

4. ¿Sería posible adquirir equipos de segunda man ou é preciso que sexan novos?

Os equipamentos subvencionables deberán ser novos, polo que non se admiten adquisicións de produtos usados, dado o carácter innovador e de alta calidade dos proxectos de infraestrutura.

5. En relación ás ofertas, ¿é preciso presentar as tres ofertas aínda que o custo non supere os 15.000 euros?

Sí, independentemente do prezo da infraestrutura, deberanse presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a entrega do ben, agás que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as subministren.

PROGRAMA UNIDADES MIXTAS DE INVESTIGACIÓN (PROCEDIMENTO IN853A)

1. Mentres sigan as restricións COVID, pódense facer as xornadas de difusión online?

Os eventos online serán válidos como actos de difusión das actividades das unidades mixtas de investigación mentres duren as restricións pola pandemia do COVID-19. É recomendable que adicionalmente se complementen con difusión en redes, publicacións ou intervencións en medios.

En todos os eventos poñerase de manifesto o apoio do Feder e da Axencia Galega de Innovación. As datas de celebración dos eventos deberán ser comunicados a GAIN cunha antelación mínima de 10 días naturais.

2. Cando a compra a un proveedor é a través de internet e págase con tarxeta bancaria, é válido?

Si, é válido, sempre e cando se cumpra co establecido na convocatoria en relación ao seguinte:

- *As facturas deberán conter suficiente información que permita relacionala co gasto xustificado.*
- *A documentación xustificativa do pagamento consistirá en copia de transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica. En ningún caso se admitirán os pagamentos xustificados mediante recibo do proveedor. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento, o número e a satisfacción do importe total da factura (IVE incluído), así como o concepto a que se refiren. No caso en que no documento de pagamento non se faga referencia ás facturas, este deberá ir acompañado da documentación complementaria que permita verificar a correspondencia entre gasto e pagamento. Non se aceptarán aqueles documentos de pagamento que non permitan identificar claramente as facturas vinculadas á unidade mixta de investigación a que corresponden.*

3. Cal é o orzamento subvencionable mínimo dunha unidade mixta de investigación?

Para a creación e posta en marcha de novas unidades mixtas de investigación:

		Importes mínimos – Fase solicitude
Orzamento mínimo da unidade mixta		2.000.000,00 €
Participación da/s empresa/s		1.000.000,00 € e 40% do orzamento total da unidade mixta
Participación do organismo de investigación		10% do orzamento total da unidade mixta

Estes requisitos mínimos serán de imprescindible cumprimento no momento da resolución de concesión. No caso de que no momento da finalización da duración da unidade mixta de investigación se comprabe algunha desviación nestes requisitos e sempre que se respecten como mínimo os límites sinalados na táboa que segue, a Axencia Galega de Innovación poderá resolver a viabilidade da unidade



mixta, despois de estudar as circunstancias que orixinaron o incumprimento destes requisitos mínimos, sempre que un informe técnico avale o correcto desenvolvemento das actuacións previstas e a consecución dos fins para os que se concedeu a subvención.

Importes mínimos	
Orzamento mínimo da unidade mixta	1.500.000,00 €
Participación da/s empresa/s	750.000,00 € e 40% do orzamento total da unidade mixta
Participación do organismo de investigación	10% do orzamento total da unidade mixta

Para a consolidación de unidades mixtas de investigación:

Importes mínimos – Fase solicitude	
Orzamento mínimo da unidade mixta	1.800.000,00 €
Participación da/s empresa/s	50% do orzamento total da unidade mixta
Participación do organismo de investigación	10% do orzamento total da unidade mixta

Estes requisitos mínimos serán de imprescindible cumprimento no momento da resolución de concesión. No caso de que no momento da finalización da duración da unidade mixta de investigación se comprobe algunha desviación nestes requisitos e sempre que se respecten como mínimo os límites sinalados na táboa que segue, a Axencia Galega de Innovación poderá resolver a viabilidade da unidade mixta, despois de estudar as circunstancias que orixinaron o incumprimento destes requisitos mínimos, sempre que un informe técnico avale o correcto desenvolvemento das actuacións previstas e a consecución dos fins para os que se concedeu a subvención.

Importes mínimos	
Orzamento mínimo da unidade mixta	1.350.000,00 €
Participación da empresa/s	50% do orzamento total da Unidade Mixta
Participación do organismo de investigación	10% do orzamento total da Unidade Mixta

PROGRAMA INNOVAPEME (PROCEDEMENTO IN848D)

1. Pódense redistribuír as cuantías das anualidades do plan de innovación?

Non, entre anualidades non se poden redistribuír as cuantías do plan de innovación detalladas na resolución de concesión. O que si é posible é solicitar unha modificación entre conceptos, a través dunha memoria motivada, onde se reflicten as variacións nos cronogramas e no propio plan de innovación, que será obxecto de aprobación ou denegación por parte de Gain.





2. Poden solicitarse modificacións do plan presentado?

Si, sempre con carácter previo a súa execución. Ademais estas modificacións deberán solicitarse a través dunha memoria motivada que será obxecto de aprobación ou denegación por parte de Gain.

3. Pódese solicitar anticipo para a anualidade 2021? Cal é o prazo?

Si, pódese solicitar anticipo para a anualidade 2021. Poderase solicitar ata un 50% do importe concedido para esa anualidade, sempre que, conxuntamente cos pagamentos realizados ata ese momento non superen o 80% da porcentaxe subvencionada. O prazo será de 10 días hábiles contados desde o seguinte ao pagamento da anualidade 2020.

PROGRAMA PRINCIPIA (PROCEDIMENTO IN848C)

1. Teño que comunicar a Gain se se produce a baixa dun traballador financiado co Programa Principia? Que prazo teño para esta comunicación? Que documentación teño que aportar?

Si, as baixas deben ser comunicadas dentro dos 15 días desde a formalización da baixa. A documentación a aportar sería:

- Copia do parte de baixa na Seguridade Social (Documento TA2)
- Memoria final resumo das actividades de I+D+i realizadas polo persoal que causou baixa (Anexo VIII).

Unha vez comunicada a baixa concederanse **dous meses de prazo**, tal e como se indica na convocatoria 2020, para proceder a substitución do persoal inicialmente contratado e para a presentación da documentación establecida na convocatoria.

2. Que condicións debe cumprir un perfil que substitúe a un traballador que cause baixa?

O perfil que substitúe ao traballador que causou baixa debe contar cunhas características similares ás aprobadas na resolución de concesión. De igual modo, existe a posibilidade de modificar esas características do perfil, sempre e cando estas modificacións non supoñan unha minoración da súa puntuación que altere a concurrencia competitiva.

No caso de ter que modificar as características do perfil concedido debe seguir as indicacións punto 1 do [Documento de instrucións para o pagamento e publicidade das axudas](#) dispoñible na páxina da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal/>).



3. Se me concederon unha contratación de carácter indefinido, canto tempo mínimo teño que manter á persoa traballadora? Como se acredita?

No caso de ser beneficiario dun contrato indefinido deberase manter a persoa inicialmente contratada ou aos seus substitutos por un período global de mínimo 2 anos. Para acreditarlo entregárase, ao cumprir o prazo anterior, copia da vida laboral actualizada do persoal contratado.

No caso de non cumprir o mantemento do emprego aplicarase a penalización establecida ao efecto na convocatoria.

PROGRAMA TALENTO SÉNIOR (PROCEDEMENTO IN858A)

1. Que sucede no caso de que o persoal de alta cualificación contratado cause baixa na entidade beneficiaria poderíase substituír?

A entidade beneficiaria poderá substituír ao persoal de alta cualificación e proceder á contratación dun novo persoal respectando os termos da resolución de concesión nun prazo máximo de 3 meses desde a renuncia.

Ademáis o novo persoal deberá ter como mínimo a puntuación acadada polo último persoal de alta cualificación seleccionado.

2. Poden ser beneficiarios da convocatoria entidades que presenten perfiles profesionais que xa foron financiados en convocatorias anteriores do Programa Talento Sénior ?

Non poderán ser beneficiarios as entidades que presenten profesionais de alta cualificación que xa foron presentados e financiados en algunha das convocatorias anteriores do Programa Talento Sénior.

3. Cal é a duración mínima do contrato para o perfil de alta cualificación ?

O contrato deberá ser de duración mínima de 3 anos e a tempo completo.

4. Que nacionalidade debe ter o perfil de alta cualificación proposto pola entidade solicitante da axuda ?

Os beneficiarios poden ter calquera nacionalidade.

PROGRAMA H2020 (PROCEDEMENTOS IN607F, IN607G E IN607H)

H1: Liña 1 (IN607F): AXUDAS PARA A PREPARACIÓN DE PROPOSTA A H2020

Fináncianse os custos de preparación dunha proposta presentada a Horizon 2020 no ano 2020 sempre que esta acadase unha **puntuación superior ao 75%** da nota máxima establecida na convocatoria de H2020 á que concorreu.

Esta proposta:

- *pode terse presentado a Horizon 2020 de xeito **individual ou en consorcio** con outras entidades galegas ou non.*

No caso en que nesta proposta europea participen diferentes entidades galegas, **cada unha delas poderá solicitar axuda polos seus custos de preparación.** Cada entidade deberá tramitar de xeito individual esta solicitude.

- ***non pode terse financiado a execución desta proposta pola Comisión Europea***
- ***a intensidade da axuda é do 80% do investimento subvencionable cunha serie de umbrais máximos segundo o tipo de proposta.***
- *só está **excluída** a preparación de **propostas ao ERC (Consello Europeo de Investigación), estando aberta esta liña ao resto de apoios incluídos no Programa Marco.***

1. Pódense solicitar custos de preparación de propostas presentadas en 2019 pero que obtiveron a súa avaliación en 2020? esta convocatoria soamente financia propostas que se preparan durante o 2020 e polo tanto non cubre propostas presentadas en anos anteriores. *A proposta debe prepararse, presentarse e obter a súa avaliación entre o 1 de xaneiro de 2020 e o 30 de novembro de 2020. Custos fóra deste período non serían subvencionables.*

2. Pódense solicitar custos de preparación de propostas presentadas no ano anterior ao da publicación da convocatoria se a súa a súa avaliación se obtivo nese ano? esta convocatoria soamente financia propostas que se preparan durante o ano no que se convoca e polo tanto non cubre propostas presentadas en anos anteriores. *A proposta debe prepararse, presentarse e obter a súa avaliación no ano no que se publica a convocatoria. Custos fóra deste período non serían subvencionables.*

3. As propostas a H2020 que se presentan a unha convocatoria de dúas fases poden pedir axuda para a preparación das propostas presentadas as dúas? Si, sempre que cumpran todos os requisitos esixidos na convocatoria en cada un dos casos.

4. O instrumento PEME da Comisión considerase un procedemento de dúas fases? Non, as fases do Instrumento PEME non son etapas consecutivas do procedemento dunha mesma convocatoria, senón convocatorias diferentes desenvolvidas cada unha a través dun procedemento único. Así, una proposta individual¹ presentada a Fase I do Instrumento PEME podería recibir unha axuda de ata 21.000 euros.

1 as axudas presentadas en consorcio non son subvencionables nesta convocatoria



5. Un organismo de investigación que presente unha proposta que conte coa participación dunha PEME galega podería obter unha axuda do 95% do investimento subvencionable? Non, a *axuda nunca pode superar o 80% dos custos subvencionables, o que se incrementa neste caso son umbrais máximos* que se poden obter. Estes umbrais detállanse no artigo 13.a) das bases reguladoras.

H2: Liña 2.1 (IN607G): AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN ESTUDO DE "CALIDADE" PRESENTADA A FASE I DO INSTRUMENTO PEME

Finánciase o **desenvolvemento en Galicia dun estudo de viabilidade** presentado á **fase I do Instrumento Peme**, sempre que acadase unha **nota de avaliación superior aos 13 puntos ou conte co Selo de Excelencia**.

Esta proposta:

- debe terse **presentado a Horizon 2020 de xeito individual**. A data de presentación pode remontarse ata **2016** sempre que o estudo aínda non se realice.
- **non pode terse financiado a execución deste estudo pola Comisión Europea**.
- é imprescindible que na solicitude presentada a GAIN **non se altere o contido da proposta presentada a H2020**, xa que nestas axudas se recolle a avaliación obtida no Programa Marco.
- a intensidade da axuda é do **70% do investimento** subvencionable cun **máximo de 50.000** euros de axuda
- **pode ser anual ou plurianual** segundo a data de inicio da execución do estudo (duración aproximada: 6 meses).

1. Na solicitude á GAIN pode modificarse o contido do estudo presentado á Comisión Europea? Non, nesta convocatoria recóllese a avaliación obtida no Programa Marco e non se realiza un nova avaliación, polo que **é requisito indispensable que o contido da proposta non se altere**.

Ao recollese estudos avaliados pola Comisión dende o 2016 pode suceder que co tempo determinados aspectos da proposta europea non poidan manterse exactamente iguais **por circunstancias que non se poden controlar**. Soamente nestes **casos excepcionais, de xeito motivado**, e sempre que sexan aspectos que o seu **cambio non afectase á avaliación realizada pola Comisión Europea, GAIN poderá valorar o financiamento destas propostas**. Será necesario que todo cambio con respecto o estudo avaliado pola Comisión Europea, ademais de ser mínimo, se indique na memoria de solicitude, xustificando de xeito motivado:

- o seu **carácter imprescindible e a imposibilidade** de desenvolver o estudo na actualidade sen realizar este cambio.
- que este cambio **non** suporía unha **alteración na nota** recibida pola proposta no Programa Marco.



2. No caso dun estudo que se presente a varias convocatorias do Instrumento PEME cumprindo nelas os requisitos de calidade esixidos nesta convocatoria (13 puntos/Selo de Excelencia), cal debe presentarse a estas axudas? a última? Non hai limitacións neste sentido, pode presentarse unha ou a outra pero debe sempre executarse o estudo segundo a proposta presentada a Comisión que se escolla.

No caso en que se acaden os requisitos establecidos nesta convocatoria en diferentes propostas presentadas a varias convocatorias do Instrumento PEME deberá elixirse unha delas.

3. No caso de que un estudo se presentase a varias convocatorias do Instrumento PEME mellorando cada vez a proposta de xeito que, na primeira solicitude se obtivese o Selo de Excelencia e na segunda o financiamento da Comisión, a primeira das propostas podería solicitarse ás axudas de GAIN? Non, é requisito imprescindible que a proposta non fose financiada polo Programa Marco e este requisito inclúe as posibles reformulacións que poidan facerse dun mesmo estudo.

4. Cal é a duración, datas de execución, que se deben incluír no formulario da solicitude? Deben indicarse as datas nas que, respectando a duración formulada na proposta presentada ao Programa Marco, se propón executar o estudo de viabilidade. É dicir, o período de execución real de axuda. Este deberá ser coherente coas esixencias destas axudas e tamén, a súa vez, coa proposta presentada á Comisión Europea.

5. H3: Liña 2.2 (IN607H): AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE "CALIDADE" PRESENTADA Á FASE II DO INSTRUMENTO PEME

Finánciase o desenvolvemento en Galicia dun proxecto de I+D+i individual presentado á Fase II do Instrumento Peme, sempre que acadase unha nota de avaliación superior aos 12 puntos ou conte co Selo de Excelencia.

Tamén son subvencionables as propostas presentadas a nova acción piloto do Consello Europeo de Innovación que da continuidade ao instrumento PEME (EIC-Accelerator Pilot) que contén con Selo de Excelencia nalguna das súas fases². É requisito indispensable que sexan compatibles coas bases reguladoras destas axudas.

Esta proposta:

- debe terse **presentado a Horizon 2020 de xeito individual**. A data de presentación pode remontarse ata 2016 pero o proxecto non pode iniciarse ata a presentación da axuda a GAIN.
- **non pode terse financiado a execución deste proxecto pola Comisión Europea**.
- é imprescindible que na solicitude da axuda **non se altere o contido da proposta presentada a H2020**.

² antes ou despois da fase de entrevista do EIC (Consello Europeo de Innovación)



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



- A intensidade da axuda varía entre o **35-50% do investimento**, segundo o tamaño de empresa e o tipo de actuación subvencionable, sempre cun límite **máximo de 800.000** euros por proxecto.
- **son axudas plurianual** cunha duración entre 12 e 24 meses

6. No caso do novo instrumento EIC Accelerator Pilot poden acollerse a estas axudas tanto as propostas que acaden o Selo de Excelencia no Paso 1, antes da entrevista, como no Paso 2 tras a súa celebración? Si, en ambos casos as propostas cumprirían o requisito de calidade que se solicita nesta convocatoria.

7. Os proxectos cun orzamento elevado onde a aplicación das intensidades de axuda da convocatoria (35%-50%) ao investimento subvencionable superarase os 800.000 euros, deberían executarse de xeito completo ou admitiríase unha redución no plan de traballo do proxecto? Para poder financiar o proxecto é necesario que non se modifique con respecto a proposta avaliada pola Comisión, de xeito que o proxecto debe executarse sempre de xeito completo.

Aínda que a axuda autonómica sexa inferior á que podería ter acadado no Programa Marco, xa sexa polo límite máximo de axuda establecido en 800.000 ou polas intensidades de axuda da convocatoria inferiores o 70% de H2020, o proxecto debe executarse de xeito completo. As restricións normativas e orzamentarias non permiten que o financiamento rexional acade os mesmos niveis que o Programa Marco pero, aínda así, o proxecto debe executarse tal e como se solicitou e avaliou por parte da Comisión Europea xa que se recolle a súa avaliación.

8. Cal é a duración, datas de execución, que se deben incluír no formulario da solicitude? Deben indicarse as datas nas que, respectando a duración formulada na proposta presentada ao Programa Marco, se propón executar o proxecto. Este período de execución deberá ser coherente coas esixencias destas axudas e tamén, a súa vez, coa proposta presentada á Comisión Europea.


ASPECTOS COMÚNS ÁS TRES LIÑAS DE AXUDA:

1. Compatibilidade entre as diferentes liñas: a liña 1 é compatible coas outras dúas liñas da convocatoria de xeito que unha proposta presentada ao Instrumento PEME pode, sempre que cumpra os requisitos específicos de cada liña, obter axuda para os seus custes de preparación (a través da Liña 1) e tamén para a súa execución (a través da Liña 2.1 ou 2.2, segundo se presentase a Fase 1 do Instrumento PEME ou a Fase 2 / EIC-Accelerator Pilot).

2. Desenvolvemento das axudas: unha entidade, ex. unha PEME, con domicilio social en Galicia pero sen centro de traballo na comunidade, podería presentarse a estas axudas? É un requisito indispensable que as actividades que se financian con cargo a esta convocatoria: a preparación dunha proposta na liña 1, ou a execución dun estudo ou proxecto con Selo de Excelencia nas liñas 2.1 e 2.2, sexan desenvolvidas en Galicia, polo que sería necesario contar con ese centro de traballo en Galicia.



Xacobeo 2021



PROGRAMA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL (PROCEDEMENTO IN606A)

1) Vou ser presentada como candidata para estas axudas a través dunha entidade allea ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), a onde debo dirixirme para formular unha serie de dúbidas que teño sobre esta convocatoria? Onde deberei enviar a solicitude?

Ao ser presentada por unha entidade allea ao SUG, vostede poderá dirixirse á Axencia Galega de Innovación (Gain) para formular as súas dúbidas (a través do teléfono 881999213 ou do enderezo de correo electrónico axudas.gain@xunta.gal). A presentación da solicitude farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e do formulario normalizado IN606A.

Pola contra, se vostede fose presentada como candidata a través dunha universidade do SUG, deberá dirixirse á Secretaría Xeral de Universidades (a través dos teléfonos 881995152 / 881995157 ou do enderezo de correo electrónico promocioncientifica.educacion@xunta.gal). A presentación de solicitude farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e do formulario normalizado ED481A.

Lembre que, en calquera das dúas situacións citadas, vostede deberá ser presentada individualmente como candidata pola entidade solicitante.

2) Como debo facer para presentar a solicitude a estas axudas?

En primeiro lugar, deberá coordinarse coa entidade que vaia a presentar a súa candidatura a estas axudas para preparar a presentación da súa solicitude. Neste senso, se dispón dalgún sistema de identificación e sinatura admitidos na sede electrónica da Xunta de Galicia, ten a posibilidade de presentar un borrador da súa solicitude a estas axudas e de enviálo a través da citada sede á entidade que a vaia a presentar para que esta, finalmente, presente a solicitude a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

3) Vou ser presentada a esta convocatoria por unha entidade allea ao SUG: onde podo atopar os anexos que deberán ser entregados xunto ao formulario da solicitude para esta convocatoria?

Se vostede se presenta a esta convocatoria a través dunha entidade allea ao SUG, deberá entrar na sede electrónica da Xunta de Galicia e buscar o código de procedemento IN606A - Axudas de apoio á etapa predoutoral, que poderá atopar na seguinte ligazón:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=IN606A&ano=2021&numpub=1&lang=gl>

Os anexos desta convocatoria están dispoñibles na lapela de **Presentación** baixo a epígrafe de **Anexos asociados**.

4) Para a valoración do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira para esta convocatoria vou presentar un título nivel B1 de inglés e outro de B2 de alemán (en ambos os dous títulos figura expresamente o nivel alcanzado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas). Podo recibir puntuación por calquera dos títulos citados? Esta puntuación podería sumarse?

Segundo o artigo 10 das bases desta convocatoria, o nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira puntuarase a partir do nivel B2 ou equivalente. Polo tanto, o seu título de nivel B1 de inglés non recibiría puntuación, a diferenza do título B2 de alemán, que podería obter unha puntuación de 2,5 puntos. En caso de que vostede presentara varios certificados de linguas diferentes (pero non dunha mesma lingua) poderían sumarse ata chegar un máximo de 10 puntos. Lembre, en todo caso, que non se considerará lingua estranxeira a do país de orixe ou de nacionalidade.

5) É imprescindible estar matriculada nun programa de doutoramento para o curso 2020/2021 para poder optar a esta axuda? En vez de estar matriculada, valería un certificado da miña universidade onde indique que, no caso de que o meu expediente obtivese a axuda, eu non tería problemas para matricularme no programa doutoramento?

Non, para poder optar a estas axudas, entre outras cuestións, deberá estar matriculada nun programa de doutoramento para o curso 2020/21. No suposto de que vostede fose seleccionada para estas axudas e estivera matriculada a tempo parcial do devandito programa de doutoramento, deberá formalizar a matrícula a tempo completo antes da sinatura do contrato derivado deste programa de axudas. Ademais, deberá incorporar á súa solicitude o documento de aprobación do seu proxecto de tese por parte da Comisión Académica do programa de doutoramento no que estea matriculada.

6) É unha obriga marcar a estadía de investigación no formulario de solicitude? As estadias pódense facer en menos de 3 meses (na mesma ou en distintas zonas)?

No contexto desta convocatoria, se opta por unha axuda para estadía deberá indicalo no formulario de solicitude: se non o fai considerarase que non solicita estadias. Neste senso é importante que teña en conta que simplemente bastará con que indique neste formulario a zona na que pensa desenvolver a estadía. Por outra banda, o período de desenvolvemento das estadias no poderá ser inferior a 3 meses e so poderá realizarse nun único centro receptor.

7) Se escollo como destino para desenvolver as estadias a zona 2 (Europa agás Portugal e Andorra, África ou América agás EUA e Canadá-), podería cambiar de zona xeográfica con posterioridade?

Non se debería: os orzamentos da resolución fanse en función das zonas de estadía seleccionadas polas axudas concedidas. En todo caso poderíase presentar unha petición razoada no que se solicite un cambio de zona. Agora ben, podería realizarse un cambio a unha zona de menor contía (por exemplo da zona 2 á zona 1) pero en ningún caso sería posible cambiar o desenvolvemento da estadía a unha zona de maior contía.

8) A memoria de adecuación do proxecto de investigación ás liñas estratéxicas definidas no anexo I, é obrigatoria, ten algunha extensión mínima ou máxima ou debe conter algúns aspectos determinados?



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



A presentación desta memoria é opcional e o seu formato é libre. As bases da convocatoria non especifican unha extensión mínima para este documento e, en todo caso, a súa redacción deberá indicar a adecuación do seu proxecto de investigación cunha ou varias liñas estratéxicas especificadas no anexo I desta orde de convocatoria. Estas liñas correspóndense coas áreas estratéxicas segundo os obxectivos definidos na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3). En calquera caso non esqueza que este documento deberá ser asinado pola persoa designada para dirixir a tese e pola persoa candidata.

9) Cantas modalidades de axuda se establecen nesta convocatoria?

Como novidade nesta convocatoria do ano 2021, establécese unha única modalidade de axudas.

PROGRAMA DE AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL (PROCEDIMENTO IN606B)

1) Vou ser presentada como candidata para estas axudas a través dunha entidade allea ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), a onde debo dirixirme para formular unha serie de dúbidas que teño sobre esta convocatoria? Onde deberei enviar a solicitude?

Ao ser presentada por unha entidade allea ao SUG, vostede poderá dirixirse á Axencia Galega de Innovación (Gain) para formular as súas dúbidas (a través do teléfono 881999213 ou do enderezo de correo electrónico axudas.gain@xunta.gal). A presentación da solicitude farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e do formulario normalizado IN606B.

Pola contra, se vostede fose presentada como candidata a través dunha universidade do SUG, deberá dirixirse á Secretaría Xeral de Universidades (a través dos teléfonos 881995152 / 881995157 ou do enderezo de correo electrónico promocioncientifica.educacion@xunta.gal). A presentación de solicitude farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e do formulario normalizado ED481B.

Lembre que, en calquera das dúas situacións citadas, vostede deberá ser presentada individualmente como candidata pola entidade solicitante.


2) Como debo facer para presentar a solicitude a estas axudas?

En primeiro lugar, deberá coordinarse coa entidade que vaia a presentar a súa candidatura a estas axudas para preparar a presentación da súa solicitude. Neste senso, se dispón de algún sistema de identificación e sinatura admitidos na sede electrónica da Xunta de Galicia, ten a posibilidade de presentar un borrador da súa solicitude a estas axudas e de enviálo a través da citada sede á entidade que a vaia a presentar para que esta, finalmente, presente a solicitude a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

3) Vou ser presentada a esta convocatoria por unha entidade allea ao SUG: onde poden atopar os anexos que deberán ser entregados xunto ao formulario da solicitude para esta convocatoria?



Xacobeo 2021



Se vostede se presenta a esta convocatoria a través dunha entidade allea ao SUG, deberá entrar na sede electrónica da Xunta de Galicia e buscar o código de procedemento IN606B- Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, que poderá atopar na seguinte ligazón:

<https://sede.xunta.gal/buscador?c=&termo=in606b>

Os anexos desta convocatoria están dispoñibles na lapela de **Presentación** baixo a epígrafe de **Anexos asociados**.

4) Para poder participar nesta convocatoria, cal é a duración mínima de estadía que teño que solicitar? E se me presento á bolsa Fulbright?

Nesta convocatoria é obrigatorio presentar un plan de estadías dun mínimo de 6 meses no estranxeiro. Agora ben, tamén haberá que presentar un plan de continxencia para, si se observaran unha serie de circunstancias (por exemplo, problemas de mobilidade nacional resultado da evolución da pandemia COVID-19) estas estadías se poderían desenvolver, en territorio español, en centros de I+D+i alleos á CA de Galicia.

En segundo lugar, se vostede opta á bolsa Fulbright, tamén terá que desenvolver unha estadía dun mínimo de 6 meses nos EUA.

5) Para ser bolseiro Fulbright, debo realizar todas as miñas estadías nos EUA ou poderei alternar un período de 6 meses nos EUA con outro diferente (tamén de 6 meses) en Portugal?

Para ser bolseiro Fulbright, ademais dos requisitos establecidos no artigo 2.d) das bases da convocatoria, como mínimo, deberá desenvolver unha estadía de 6 meses nos EUA (se ten dúbidas previas sobre os visados, o mellor que consulte previamente na comisión Fulbright España, Informacion@fulbright.es, tlf. 31 702 7000, sobre a súa proposta de estancias en los EUA).

Así mesmo, poderá desenvolver outras estadías noutras zonas xeográficas (sempre tendo en conta que calquera período de estadía deberá ter un mínimo de 6 meses e o plan de estadías presentado non poderá superar un total 24 meses de duración).

6) Unha persoa de nacionalidade non española pode presentarse á convocatoria posdoutoral coa condición de bolseira Fulbright?

Poderá presentarse á convocatoria pero non baixo a condición de Fulbright: segundo o artigo 2d) das bases desta convocatoria, para optar á axuda Fulbright prevista nestas axudas da Xunta de Galicia, deberá ter nacionalidade española. Por outra banda, non esqueza que poderá presentar un plan de estadías que transcorra nos EUA pero sen a condición de bolseira Fulbright.

7) Se escollo como destino para desenvolver as estadías a zona 2 (Europa agás Portugal e Andorra, África ou América agás EUA e Canadá-), podería cambiar de zona xeográfica con posterioridade?

Non se debería: os orzamentos da resolución fanse en función das zonas de estadía seleccionadas polas axudas concedidas. En todo caso sería posible presentar unha petición razoada no que se solicite un cambio de zona. Agora ben, podería realizarse un cambio a unha zona de menor contía (por exemplo da zona 2 á zona 1) pero en ningún caso sería posible cambiar o desenvolvemento da estadía a unha zona de maior contía.

8) É obrigatorio a achega do plan de continxencia que complementa ao plan de estadías para poder presentarme a estas axudas?

Si, e ademais este plan será baremado cunha puntuación máxima de 4 puntos segundo os criterios de valoración desta convocatoria.

9) A persoa investigadora que supervise as miñas actividades no centro de investigación estranxeiro no que vaia a desenvolver a estadía pode asinar a carta de aceptación da mesma?

Si, pero só no caso de que asine como persoa directora do centro estranxeiro de estadías (ou figura equivalente con atribucións na área directiva de recursos humanos) e non en calidade de persoa investigadora.

10) Que acontece se, por causa da pandemia COVID-19, non é posible realizar as estadías no estranxeiro?

Se se observan circunstancias sobrevidas que determinen que, por causa da pandemia, non é posible realizar as estadías no estranxeiro, os órganos convocantes, cada un con respecto ás súas entidades beneficiarias, poderán emitir instrucións autorizando, coas condicións que a situación requira, a realización das estadías nun centro de I+D+i en territorio nacional, fóra da Comunidade Autónoma de Galicia. Asemade, e logo de solicitude das entidades beneficiarias, as entidades convocantes poderán ditar resolucións individuais para autorizar este réxime de excepción para atender casos de natureza análoga en ámbitos xeográficos restrinxidos.

[PROGRAMA DE AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOCTORAL \(PROCEDEMENTO IN606C\)](#)

1) Vou ser presentada como candidata para estas axudas a través dunha entidade allea ao Sistema Universitario de Galicia (SUG), a onde debo dirixirme para formular unha serie de dúbidas que teño sobre esta convocatoria? Onde deberei enviar a solicitude?

Ao ser presentada por unha entidade allea ao SUG, vostede poderá dirixirse á Axencia Galega de Innovación (Gain) para formular as súas dúbidas (a través do teléfono 881999213 ou do enderezo de correo electrónico

axudas.gain@xunta.gal). A presentación da solicitude farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e do formulario normalizado IN606C.

Pola contra, se vostede fose presentada como candidata a través dunha universidade do SUG, deberá dirixirse á Secretaría Xeral de Universidades (a través dos teléfonos 881995152 / 881995157 ou do enderezo de correo electrónico promocioncientifica.educacion@xunta.gal). A presentación de solicitude farase obrigatoriamente por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia e do formulario normalizado ED481D.

Lembre que, en calquera das dúas situacións citadas, vostede deberá ser presentada individualmente como candidata pola entidade solicitante.

2) Como debo facer para presentar a solicitude a estas axudas?

En primeiro lugar, deberá coordinarse coa entidade que vaia a presentar a súa candidatura a estas axudas para preparar a presentación da súa solicitude. Neste senso, se dispón dalgún sistema de identificación e sinatura admitidos na sede electrónica da Xunta de Galicia, ten a posibilidade de presentar un borrador da súa solicitude a estas axudas e de enviálo a través da citada sede á entidade que a vaia a presentar para que esta, finalmente, presente a solicitude a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

3) Vou ser presentada a esta convocatoria por unha entidade allea ao SUG: onde podo atopar os anexos que deberán ser entregados xunto ao formulario da solicitude para esta convocatoria?

Se vostede se presenta a esta convocatoria a través dunha entidade allea ao SUG, deberá entrar na sede electrónica da Xunta de Galicia e buscar o código de procedemento IN606B- Axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, que poderá atopar na seguinte ligazón:

Os anexos desta convocatoria están dispoñibles na lapela de **Presentación** baixo a epígrafe de **Anexos asociados**.

4) Para poder participar nesta convocatoria, cales son os requisitos que teño que cumprir?

Poderán acceder a estas axudas as universidades do SUG, os organismos públicos de investigación de Galicia, as fundacións de investigación sanitaria de Galicia (Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Fundación Profesor Novoa Santos, Fundación Biomédica Galicia Sur), e os centros do CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas) e o IEO (Instituto Español de Oceanografía) radicados en Galicia que presenten como candidatas persoas co grao de doutor que se atopen, na data de peche da convocatoria, nalgún dos seguintes supostos:

– Que estivesen contratadas na modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2017 e que non renunciásen ao contrato.

– Que estivesen contratadas a través da modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais de 2016, que finalizasen o seu contrato con posterioridade ao 31 de xullo de 2019, que obtivesen unha avaliación positiva e que non concorresen previamente a unha convocatoria da modalidade B posdoutoral cos códigos de procedemento ED481D ou IN606C.

– Que tivesen un contrato posdoutoral cunha das entidades establecidas no artigo 2 desta convocatoria e financiado pola Gain, que non renunciasesen á dita axuda antes do seu remate e que finalizasen o seu contrato con anterioridade ao día 1 de outubro de 2019, que obtivesen unha avaliación positiva no programa e que non concorresen con anterioridade a ningunha convocatoria da modalidade B posdoutoral cos códigos de procedemento ED481D ou IN606C.

5) Estás axudas prevén o desenvolvemento de estadías no estranxeiro?

Non. A finalidade desta convocatoria é posibilitar a continuación da formación das doutoras e doutores que comezaron a súa formación posdoutoral, posibilitando un perfeccionamento na súa formación e o establecemento dunha liña de investigación propia que lles permita, nun futuro, consolidar a súa traxectoria.

6) Unha persoa candidata a estas axudas podería presentar unha actualización dos seus méritos despois do prazo de presentación de solicitudes?

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida no CV na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida no mesmo. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

7) Esíxese a avaliación final positiva no programa posdoutoral de modalidade A para as persoas candidatas a estas axudas?

Esta avaliación positiva non é obrigatoria para as persoas investigadoras presentadas como candidatas a estas axudas e que estiveron contratadas na modalidade A da convocatoria posdoutoral para o ano 2017. Este feito obedece a que a actividade investigadora destas persoas viuse condicionada pola pandemia da COVID-19.

En cambio, esta avaliación positiva é un requisito para aquelas persoas candidatas que se presenten a estas axudas e que estiveran contratadas por axudas diferentes á modalidade A da convocatoria de axudas posdoutorais para o ano 2017.



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"



PROGRAMA IGNICIA (PROCEDEMENTO IN855A)

1. A convocatoria financia novos proxectos de investigación?

Non. Ignicia é un programa dirixido a facilitar a transferencia de resultados de investigación dende organismos de investigación ao mercado. Os proxectos que se presenten deben estar xa nun nivel de madurez tecnolóxica TRL 4 ou superior e ter capacidade para chegar ao mercado no curto e medio prazo.

2. Hai unha duración mínima ou máxima para a duración dos proxectos?

En principio non, pero hai que ter en conta que os últimos desembolsos do proxecto faranse no ano 2023.

3. Se creo unha empresa co apoio de Ignicia, esta terá que aboar o 30% dos seus ingresos a GAIN?

Non, o beneficiario do Programa Ignicia é o organismo de investigación e polo tanto é este quen está obrigado a devolver a GAIN o 30% dos retornos económicos xerados pola comercialización da tecnoloxía (royalties ...), e no seu caso, polas plusvalías xeradas pola súa participación na sociedade.



Xacobeo 2021

